



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2020

**MARÍA CASAR
LUISA VILLALTA, O ESPELLO DO MAR
E DO VENTO**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg-gal



Deputación
DA CORUÑA

LUÍSA VILLALTA,

O ESPELLO DO MAR E DO VENTO

MARÍA CASAR DÍAZ

Un libro non é só o que é, senón moitas outras cousas.

Luísa Villalta

O roteiro **Luísa Villalta, o espello do mar e o vento** ten o seu xerme na propia obra da poeta. Dous libros son a base que diseña con palabras a xeografía deste roteiro. Os pasos de quen se achegue a el estarán guiados polos versos de Luísa Villalta, polos sons da propia cidade, do mar que a anaina e das voces que escapan de San Amaro e se mergullan nos nosos ouvidos colando o alén no cotiá. Eses libros son *En concreto* e o *Papagaio*, que xunto aos os poemas de Luísa xunto coas fotografías de Maribel Longueira marcan o itinerario. Deste roteiro xermolan outros tres máis e no seu conxunto fan o mapa completo da Coruña que ollou a poeta que escribiu coa música os versos que fan da Cidade un microcosmos marcado polas pequenas historias que lle dan sentido.

- ***En concreto e o Papagaio***

Nos comezos de 2004, nese marzo cruel no que Luísa Villalta marchou, deixounos tamén dous libros inéditos: *En concreto* (que acadara o XII Premio de Poesía *Espiral Maior*) e *Papagaio*, en colaboración coa fotógrafa Maribel Longueira, nos que se reflicte a cidade da Coruña e que sumados a *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995) e *Rota ao interior do ollo* (1995) conforman a súa obra poética.

O volume *En concreto* comeza con dúas citas que xa nos sitúan diante da dobre posibilidade conceptual que Villalta nos quere presentar. Unha delas procedente da definición de cemento, é dicir, de como traballar con el (e en inglés *concrete* é cemento) procedente dun manual sobre construción de estradas. A outra procede do *Dicionario de filosofía* de Ferrater Mora, e aí explícasenos que pode ser “concreto” no sentido abstracto do termo (“algo que é estimado como real”). Dende o inicio xa se nos desvela o obxectivo deste poemario: estamos diante dun esforzo distanciador e vigoroso que nos ha conducir até unha meta irreal (como o son todas as cidades na súa constante evolución e mudanza) de puro distanciada. E así o estilo de Villalta lígase ao do austríaco Thomas Bernhard na aparente visión desligada da máis absoluta certeza.

En concreto é unha homenaxe á Cidade, ese “*asentamento dos pasos arredor da mente... límite exterior das obsesións ...achegamento dos abismos... mar detido contra os cons do corazón*” (p. 9) como espazo social, da memoria e do presente. Un espazo de vida e de reflexión, vinculado á beleza do cotiá, ao absoluto rumor do construto histórico e ao efémero devalo dos tempos. Unha cidade de profunda fermosura mais non furtada tampouco á fereza especuladora, deseñando contornos urbanos ásperos que contrastan coa suavidade estética dos elementos de inicio. Neste territorio da razón habita tamén o subconsciente, a Vida da man da Morte, o eu e os outros nun xogo de procura de identidade e de alteridade. Os homes e mulleres actuais non posúen máis espazo que o da Cidade, esa Coruña non nomeada, pero que se recoñece nos sinais históricos e arquitectónicos, nos sinais sociais dos bailes no Gurugú ou nas mans das leiteiras e peixeiras que constrúen a cidade coa laboriosidade da modistiña e a humildade e sabedoría dun pobo que medra polo esforzo e a fame de beleza cravada en ollos de mar. Nese espazo territorial xestiónase o tempo individual e colectivo dun modo único máis recoñecíbel en cada nova lectura e en cada outra cidade, porque a Cidade convértese en metáfora de calquera urbe e a poeta nun outro nós que repite a voz das lectoras en ecos vitais revividos.

A poeta identifícase coa colectividade e así o di no poema que abre o libro: “*Eu en nós/ sen nós/ eu*”. Quen fala ten nome fronte á ambigüidade do espazo:

*O meu nome é o da Cidade Alta
nacida onde a luz e o mar se están orixinando
mutuamente
nacín fronte de min mesma
cando a Pescadería era un leito de sereas
e a serpe demorada na voz dos meus avós
vento dos ventos (Poema da Cidade Alta)*

O privilexio desa voz é escorrentar os fantasmas na mesma tradición poética de Baudelaire a Octavio Paz que gostou de facer feminina á Cidade. A poeta supera a dialéctica Suxeito–Obxecto, Individuo–Cidade para adquirir trazos de autoanálise en múltiples direccións: cartografía topográfica, indagación existencial, reflexión crítica, linguaxe dos instintos, reivindicación da memoria colectiva a través da persoal, memoria das marxas, da historia non oficial. Cos vimbios de *En concreto* trénzase a trama do social e do persoal coas desmemorias da colectividade.

Ábrese o poemario cunha parte denominada *Brasón* (p. 19-39) que nos sitúa ante partes do mesmo: **habitar (cabeza)**, **norte (bóreas)**, **monstros (garda)**, **leste (euro)**, **iniciación (chave)**, oeste (céfiro), **espello (forza)**, sul (austro) e **cidade antiga (antemural)** nunha cidade dominada polo vento sobre un rochedo. O texto completo do emblema da cidade da Coruña di: *moito nobre, e moito leal cidade da Coruña, cabeza, garda e chave, forza e antemural do reino de Galicia.*

Esa visión panorámica da Cidade vai dende a Pescadería núcleo marxinal da centralidade até os barrios nos límites entre a cidade e as leiras, coa veciñanza do rural nos pés do urbano: Labañou, Peruleiro, Riazor, Monelos, A Grela, Os Mallos, A Gaiteira, Montealto, Outeiro (no poema Nomes), San Pedro de Visma, Barrio das Flores, Bens, Durmideiras, as rúas altas e novas e a Rata, as Amorasas, os Bois, o Pé, As Ánimas e Santo Amaro (no poema Oeste Céfiro), tracexando unha cartografía reivindicativa da memoria porque só así: *“Orzaremos por fin/orzamentos sen fin proa a nós”* (p. 30). Esta cidade das extremas que constrúe espazos alleos aos sucesivos Ensanches burgueses, que procura a historia en lugares que gardan en puños fechados instantes humanos,

*abrindo os seus brazos estendidos cara nós
que esvaramos esquecidos
através da invariábel xeografía derrubada...* (p. 89)

Os nomes ansían (re)coñecerense en nós para regresar aos conceptos e vivir no futuro.

Na primeira parte do poemario (*Brasón*) a poeta aporta unha mitoloxía persoal á Cidade asumindo elementos tradicionais do imaxinario colectivo. Os nove textos articúlanse arredor dos catro puntos cardinais e os seus ventos porque estamos ante a Cidade do Norte desa patria que é *“un proxecto sinfónico que se empeña na disonancia sen busca”*. Aparece nesta parte unha visión dinámica da cidade na que as portas e as ventás son, á vez, as fronteiras da urbe e da persoa, memoria dunha adolescencia de cravos vermellos para toda a xeración da poeta que caeu *“no tringue da idade”* con ollos que poboan os rostros en farna e o caos glorioso do non encetado, de poemas rotos e palabras nas que crer. *“Desfeita en asfalto voluntario”* a poeta non se abandona e forma parte, sendo ela mesma a propia cidade que a habita

*Estala en min a Cidade espellada en tantos puntos
como fulgor de ollos que se acenden mutuamente
na evanescencia dun todo incomprensíbel* (p. 18)

entre monstros e *“espellos vougos que pretenden avisarme de quen non sou eu”* a iniciación, os ollos libres, os ollos da chave e os ollos das portas *“cegas de esperar a iniciación sinxela e orgullosa/da liberdade de ser”*(p. 27) na Cidade á que non se renuncia.

Na segunda sección, *Edifícios*, reelabórase en detalle a cidade desde referentes arquitectónicos que se poden denominar fitos: Xardíns, Torre, Obelisco (poemas caligramas ao modo de Apollinaire e das vangardas), Palacio Municipal, Torre das Ánimas, Estación, Asilo. Nestes lugares escollidos están os sinais definitivos dunha cidade que se amosa orgullosa da súa beleza e na escolla da Torre das ánimas e do Asilo vemos unha clara reivindicación da historia da Cidade, na torre que, desaparecida, segue viva no peirao de abrigo como símbolo da ollada última antes do

exilio, da emigración ou da inmersión nun mar sempre misterioso e fero. Xunto a estes os poemas “Ruínas”, “Solares” e “Rañaceos” colócanos ante un tempo que escorrega por trabes de madeira até correr por rúas de asfalto que *“o albanel campesiño que nos rilla por dentro”* leva dentro dos zapatos que o achegan ao baile no que desandar as costuras da cidade que esperan ser feitas ascensores de andares de masas humanas invisíbeis.

Estamos ante os emblemas e os anónimos arquitectónicos que conforman a cidade. Interfaces da vida cotiá e da historia que estrelece por entre as fírgoas de edificios que saen e entran na vida do cidadán coa facilidade do coñecido. Hai un nacer e renacer da historia, dos vínculos, pero tamén un seguro decaer porque

*onda nós non hai nunca outro destino
que ser un anónimo fin
ou un glorioso comezo* (p. 53)

Unha realidade urbana que se multiplica en *“infinitas repúblicas privadas”* como quintaesencia da posmodernidade que se sacude o po da veciñanza rural e do absoluto coñecemento até mesmo negar a mortalidade (Asilo).

A seguinte parte, *Estampas*, é a das interaccións que se dan na cidade e do eu coa cidade. Trátase de abrirse ao concreto, no sentido de real, de detectar as posibilidades de vida e desenvolveselas porque *“o viver sempre atende á volta da esquina”* (p. 61). O posible desenvolvemento do presente, no lugar no que se está contando co que temos ao alcance:

*Nos cóbados das varandas cara o alén
loce a noite un outro mundo
que sabemos adherido ao que aquí se decida.* (p. 64)

Ese desenvolvemento implica unha socialización do eu e unha apropiación do que hai. Un movemento imposible para tan pouco lugar. E a vida aparece nas accións do diario como nos poemas “Foula”, “movida” “embotellamento”, tarde no café”, “cita” nos que a poeta transita *“remuiñada nas cores insaciábeis da xente fundida/na distancia abolida”* á procura de instantes de compañía en territorios convertidos nas únicas certezas do día *“planificando guerras conquistadas polos outros”*, en noites de baile vixiadas polo ollo insomne do Faro *“supremo protector da anguriada alegría”*. Nesta sempre adolescente cidade que so necesita a metade de nós para verse e ver coma a soña a poeta *“no sesgo do pouso pausado da sombra”*. Un eu que se dissolve na propia cidade para ser cidade mesma: *“non me compoño de partes senón de todos/ en cada parte continua/ e eu son a propia túnica que me veste/ e o camiño que se adentra na cidade.”* (p. 78).

E a cidade ábrese aos “foráneos” (p. 68) os negros, coreanos, senegaleses, colombianas, cubanas e brasileiras que se tratan de irmás para non perder a identidade, coas mans cheas de negación e de nostalxia que fan que a babel medre baixo a tona do mar e da terra nunha simbiose perfecta coa poeta que sabe que “ninguén son eu tan no meu sitio”. Do mesmo xeito que, na parte primeira, no poema “sul” do vento toleirán a Cidade é un espazo de liberdade para os tolos que son e os que xa foron pola Beiramar dos Pelamios cara San Amaro e o coxo Novoa arrastra a risa indignada onde Lugrís sementaba dignidade, e Narciso Correal e Sobaco Ilustrado, e a Confraría Póetica do Amañecer, e o Andareiro, e as dúas Marías e a Meniña das Trenzas bailan coas sombras desde a mañá á noite esvarando pola madrugada “procurando o alén ansioso de cada paso perdido” (p. 36). Unha vez máis queda claro que a Cidade é todo: os vivos entre os tolos da tarde.

Así somos nós

como nós son os tolos

os únicos que o vento respecta cando ven cambiante do sul (p. 36)

Os poemas ábrese ao contacto cos outros para establecer relacións intersubxectivas, para saír do exilio da individualidade cara o social ou o íntimo “eu ti”. E así a poeta celebra os nexos interpersoais liberadores e enriquecedores mais deplora a pobreza dos contactos que non logran anoarse para construír un suxeito colectivo que queda so nun “eu ti eu ti eu ti/nós non nós non nós non” (p. 69). E a poeta so pode “construír a miña morada no reverso das rúas” (p. 76) para facer unha rúa-casa que non exclúa senón que sexa un camiño, unha vía, unha morada o abrente dunha cidade anovada polas viaxes e a exploración continua doutras experiencias.

O libro remata con dous poemas “Nomes” e “Cidade Alta” que son unha afirmación do poder dos nomes, da súa potencia memorística e da súa capacidade de transformar un tempo e un espazo en historia.

Os nomes somos nós

e cando acenden os seus rótulos atávicos

as aspas dos muíños derrubados

marmullan o farelo afirmativo do futuro. (p.90)

Onde se xuntan as periferias gañadas ás leiras e ás casas que choran o mar no Peruleiro, Labañou, Agrela, e nos montes do Outeiro e as Moas, nas merendas familiares en Santa Margarida, no resoar das risas das lavandeiras de Monelos debaixo do ruído das formigoneiras, e alí onde a chave enferruxada non abre a Porta de Ares nin a Real pero onde vivir é poñer na area do Orzán os pés mentres o sol se deixa ir polo monte San Pedro.

E este libro, que é moito máis que un libro, tamén leva dentro de si, un outro sendeiro máis silandeiro que transita polos ventos da cidade, ese vento que tamén define e constrúe esa Cidade envolta no vento (p. 38), tatuada (p. 21), compacta (p. 54) doméstica (p. 63) que –como lemos en “Cita e Movida”– se ten convertido nun segundo corpo para cada habitante, cuxa tea a conciencia tece e destece como unha Penélope que non agarda por Ulises ningún. A cidade do vento e do mar que se sabe sempre aí medrando en ondas que mollan os ollos e lamben as xanelas. O mar que vai e que vén, pero que sempre está, nunca marcha. Esa pantalla incríbel que chorou as bágoas da humillación e da morte máis terríbel da represión, que chorou a morte dos homes do mar e das mulleres da area, das sereas que levan os soños das nenas. E a cidade das nubes máis fermosas que se poden ollar no ceo. A luz e as nubes que debuxan unha cidade aérea que se enche da xeografía dos cons e das rochas do mar, que ilumina e debuxa algodóns de azucre que gardan as esencias da vida. E sempre o vento, o mozo vento que trae cartas de América e tamén o pequeno “*que rechea os baleiros do tempo*”, ventos rexos e ventos suaves que non se deteñen nunca *rodeando este ponto do mundo*.

Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido, a divisa brasonada que se le no Palacio Municipal que, por dúas veces aparece ante nós incompleta buscando a complicidade curiosa do lector que a completará participando dalgún xeito na obra. Un final impactante para este libro que debuxa unha Cidade que permanece na memoria do lector desde os ollos dunha poeta que nomeou de novo un territorio para achegalo á vida e a historia da non–historia.

E no ***Papagaio*** (2006), a Cidade faise derrota fronte á especulación, pero nos poemas de Luísa e nas fotos de Maribel chántase unha bandeira para denunciar a explotación da muller–cidade, da cobiza de corpos e de espazos que destrúe á nosa beira sen que a ollemos de fronte para escorrentala. Para evidenciar a amoralidade ao servizo do poder.

En marzo de 2001 a ollada de Maribel Longueira testemuña como “*máquinas con dentes de ferro*” traban casas e edificios, morden ventás con almanaques de ilusións feridas, e arrancan sabas colgadas a secar no vento da vergoña, condenando un anaco de cidade ao esquecemento da aniquilación, borrando os cimentos mesmos da súa existencia. Esgazando un anaco de vida e de historia coa violencia da forza.

As palabras de Luísa acompañaron as fotos de Maribel que ascendían polos chanzos dos derrubes até anacos de interior abertos en canal, aos restos de paredes con papel pintado e fotografías cravadas con chinchetas de silencios. O barrio oculto para a *decencia* conservadora limitaba cun convento de clausura. Unha outra clausura

encerraba mulleres nos límites de corpos violados unha e outra vez pola compravenda de principios, valores e dignidade. Os versos xurdiron a cachón diante de imaxes que adiviñan músicas sinxelas entre tantos silencios perfumados con augardente, unto e bágoas. Dende a monxa que contempla o pecado dun fillo non nacido ou dunha moza que vai cos libros amarrados mentres a contempla un obreiro até o arrandeo da puta

*reloxio da vaidade que soa sen previo aviso
en cada esquina da ambición colectiva,
ese sucedáneo de vida.*

Destas imaxes e palabras (19 poemas) nace un libro valente que olla a prostitución sen falsidade, que denuncia o coñecido e as cicatrices da pel pero sobre todo as das almas destas mulleres–bonecas, mulleres–cidade que se fan carne para ser condenadas e derrubadas.

Poemas que dan luz á nudez do oculto, poemas que non se suxeitan en paredes nin trabes porque están armados para facer tremar a comodidade ruín. E a palabra precisa, a música que tronza en ruídos estarrecedores de destrución a serenidade dun barrio que se esvae na especulación. Un libro para a reconstrución na memoria dun barrio de putas:

*Putas é tan só un destino final que acaba axiña...
unha alma que se estira dolorosamente para facer son
e esperta brutalmente no meio da anestesia da vida*

Porque como di Luísa Villalta:

*A destrución sempre estivo en marcha
desde a mesma orixe da treboada inicial
que nada deixa reter nas mans
por máis que fagan, que constrúan
que acumulen*

Papagaio (p. 81)

O silencio é o pulso do infinito. O silencio

marca a conciencia do movemento.

Silencio, ensaiamos. Luísa Villalta

Roteiro Luísa Villalta:

Roteiro central:

1. Estación de San Cristovo
2. Xardíns de Méndez Nuñez
3. Obelisco
4. Torre das Ánimas (Castelo de San Antón)
5. Porta de Ares
6. Palacio Municipal
7. Papagaio: Rúas Panaderas e San Roque.
8. Asilo. Rúa Adelaida Muro.
9. San Amaro
10. A Torre
11. Rosa dos ventos

Este roteiro comeza co poema titulado Estación e vaise converter nunha viaxe que parte dunha estación término. Un comezo nun final porque “*Onda nós nunca pasan os trens/ so chegan ou parten*” convertendo a Cidade tamén na última estación. Do punto 2, os Xardíns de Méndez Núñez, que organizan estratexias e nos que habita a Condesa de Marineda nun moderno Ensanche burgués gañado ao mar pasamos ao punto número 3 no que o poema Obelisco reflicte un reloxo marcado no interior de cada viandante que nos marca e nos asenta na finitude.

O punto 4 co poema Torre das Ánimas sitúanos ante a memoria da cidade que, dende esa torre-rocha que hoxe quedou inserida na torre de vixilancia marítima, viu marchar a forza daquelas avanzadas e avanzados que escapaban da morte da liberdade cara un exilio incerto e de quen morreron tentando unha fuxida que se convertería na derradeira. A porta de Ares debuxa un itinerario cos nomes da Cidade que aparecen no Poema da Cidade Alta transitados por insultos, pelexas e disparos e bailes no Gurugú, aforcados en Santa Margarida, ecos das lavadeiras de Monelos e a voz dos avós.

O Palacio Municipal, punto número 6 e centro deste roteiro, é a Casa do Concello que presenta ben visible un brasón cuxa lenda abre e pecha o libro *En concreto*: “*cabeza, garda e chave, forza e antemural do reino*”.

Os puntos números 7 e 8 no Papagaio quixemos acompañalos cunha serie de catro poemas do libro *Papagaio* e no punto número 8 o poema Asilo de *En concreto*, son a

reivindicación de lugares que morreron afogados pola especulación que non ten máis guieiro que o capital. E sobresaen as costras na pel da cidade no Papagaio que é lembranza de corpos feridos de muller, de Cidade agochada e derruída como os corpos das mulleres que habitaron ese espazo. E do Asilo, que tamén desapareceu en 2001 arrasado baixo as rabuñaduras das escavadoras. Un edificio de 1888 con galerías ao solpor, levantado filantropicamente, xa que non se pagou polos terreos nin polo proxecto realizado por Juan de Ciorraga (quen tamén fixo o primeiro Ensanche da Coruña e a quen se lle atribúe a introdución das galerías na Coruña). Ao pé mesmo do Asilo, na fonte de Santo Amaro, había un río de lavar de cantería e a fonte era famosa porque votaba auga fría no verán e quente no inverno. Unha axuda natural para as lavadeiras que lavaban as roupas da burguesía coruñesa para gañar salarios que facían medrar as ansias de mellora das lavadeiras e das súas fillas e fillos.


O punto 9 está situado no Cemiterio de Santo Amaro (un nome que se repite pola cidade na praia, na fonte do asilo e no cemiterio, e que lembra ao home bo que chegou á illa da sabedoría). A morte e o seu propio territorio—cidade tamén están no *En concreto*, que como cemento amalgama a construción da vida. A Cidade dos mortos que é o reverso da dos vivos entrecrúzase con ela constantemente pola propia necesidade que teñen os vivos de escoitar a voz dos mortos e de ver os seus corpos espectrais deambular nun mundo paralelo. Porque a tribo precisa da memoria para non se disolver a constante relación establécese coa “*Cidade máis profunda a do alén de nós*” (p. 29) “*mentres o vento, por detrás, agatuña a canseira camiño do cemiterio*” (p. 48). Ese é o mesmo camiño que andaron os tolos “*que xa foron indo pola Beiramar de Pelamios até o cemiterio*”. (p. 34)

A morte chegou a Visma nun Portiño que delatou aos que escapaban dela, na Rata cos disparos que rompen a serena—ruidosa tranquilidade da vida, e nas Ánimas coa auga afogando as ilusións da última fuxida.

No punto número 10 o poema caligrama Torre—Reto é un ollo que vixía a cidade e que se ergue como o poema que ascende camiñando cara o alto. A torre é unha presenza noutras partes do libro aberto á noite e as estampas e a vida mítica de tempos antigos. E remata o roteiro na Rosa dos ventos (punto número 11) acompañando este espazo final tres poemas: Norte, este e oeste que veñen da man dos ventos: bóreas, euro e céfiro e dos refráns que os definen:

“*Norte escuro, vento seguro*”, “*ao vento soán, nen a man*” (euro) e “*vente ventiño mareiro, vente noso compañeiro*” (céfiro) porque os ventos definen esta cidade tanto como as arquitecturas, as xentes e mesmo a orografía do terreo.

Percorrido:



[8.3987375!2d43.3728745!1m0!1m5!1m1!1s0xd2e7b88078f868f:0xf6875a32e98cb1eb!2m2!1d-8.3967394!2d43.3776704!1m5!1m1!1s0xd2e7c72b185d557:0x82932864f310d7a0!2m2!1d-8.4064953!2d43.3859571!3e2](#)

Bibliografía:

- Luísa Villalta: *En concreto*. Espiral Maior, 2004
- Luísa Villalta, Maribel Longueira: *Papagaio*. Laiovento, 2006

Poemas:

- *En concreto*:
 - Estación
 - Xardíns
 - Obelisco
 - Torre das ánimas
 - Poema da cidade alta
 - Palacio Municipal
 - Asilo
 - Isto (san Amaro)
 - Torre–Reto
 - Norte
 - Este
 - Oeste
- *Papagaio*:
 - Subía o verán entre as pernas abertas da Cidade
 - Era un home bonito que non lembro
 - Sei que non me parezo
 - O corpo da Cidade quería a súa parte na unidade